

**HOMENAXE** ▶ Felicidad, Nati, Pura, Divina e Norma son algunhas das 33 modistas que recibirán mañá un recoñecemento en Vilar de Donas por toda unha vida dedicada á profesión. Este forma parte do proxecto Corcosendo, creado polo IEU para poñer en valor o seu labor.

# As artistas que fiaron A Ulloa

TEXTO: AINARA CORREDOIRA

**FELICIDAD AMOSA** orgullosa un suxeitador feito por ela. Non se parece en nada aos que se poden ver nos escaparates de tendas que aseguran gardar o segredo de Victoria nin conta cos encaixes glamurosos e italianos que porta a cantante Jennifer López na televisión. Ao contrario, o descolorido do seu tecido azul delata os anos que pasaron desde a súa creación a mans dunha modista que, aos seus 98 anos, pide cada día ás súas coidadoras que lle enfien unha agulla.

«Sacádenos guapas», piden Nati, Pura, Divina e Norma ao seu carón, perfectamente colocadas para tomar unha fotografía. Non poden evitar un sorriso de orella a orella ao mirar de esguello algunhas das pezas de roupa que elaboraron no século pasado. Elas, xunto con outras 28 costureiras da Ulloa, serán mañá ás 12.00 horas as protagonistas dunha sentida homenaxe na igrexa de Vilar de Donas (Palas de Rei) que pretende recoñecer e celebrar o seu traballo como creadoras.

A homenaxe encádrase nun recoñecemento aínda maior que se coceu na sección de audiovisuais do Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) por iniciativa de catro rapazas cun interese común pola roupa tradicional e polos tecidos que antigamente se empregaban para a confección. «Detectamos que moitas mulleres da Ulloa estaban vencelladas dalgunha maneira á costura. Queríamos saber delas e recoller toda a memoria ligada á profesión», indica Antía Montes, parte da sección.

As rapazas puxéronse deseguido mans á obra para entrevistar unha a unha as 33 auténticas artistas da agulla. Todo este traballo deu como froito Corcosendo: unha exposición transmedia e multidisciplinar que inclúe os retratos das costureiras, videocreación, performance e unha canción orixinal a cargo do grupo Zoelas.

Un proxecto que chegou a traspasar as fronteiras alén do profesional, tecendo unha rede de moito agarimo entre modistas e entrevistadoras. «Descubríron que unha das mulleres lle fixera un vestido a miña nai hai anos. Case quedei con ela para que o arranxase e poder poñelo eu», confesa Montes, que fala de como este labor foi parte indispensable no desenvolvemento socioeconómico de moitas familias do rural.

A algunhas a entrega veulles desde moi novas, con tan só 14 anos. Pasoulle así a Nati, criada por unha avoa á que a vida lle arrebatou o compañeiro demasiado pronto, tendo que sacar adiante



De esquerda a dereita, Norma, Nati, Pura, Divina e Felicidad. SEBAS SENANDE

dúas fillas e unha neta con forza e determinación. «Ela foi a que me empurrou a iniciarme no oficio. Mercoume a primeira máquina de coser que tiiven», recorda. Pasaría logo por Zaragoza, onde perdeu a conta dos abrigos que confeccionou, e remataría na Coruña para traballar durante nove anos con Amancio Ortega aló polos albores de Inditex. «Fixen alí os primeiros pantalóns que levaron as mulleres galegas», explica.

Coa máquina de coser á cabeza traballou Divina, que aprendeu os labores da man da súa irmá Visita. A súa xornada comezaba ás oito da mañá e acudía lixeira petando polas portas de Antas e Monterroso para cobrar «doce pesetas» ao rematar os seus traballos.

Camisas, pantalóns, roupa interior, vestidos... Nada se lle resistía a Pura, que moitas veces se viu obrigada a coser ás noites baixo unha tenue luz de carburo que apenas lle deixaba ver as puntadas que daba cunha Singer que aínda conserva hoxe. «Había días que

## Corcosendo Proxecto elixido para impulsar a creación feminina

Corcosendo é un dos 16 proxectos seleccionados polo Instituto de las Mujeres para recibir financiamento e impulsar a creación feminina.

Ademais dá homenaxe ás modistas, mañá ás 12.00 horas será o momento no que este se materializará a través da exposición, performance e estrea da música de Zoelas.

### Aplicación de móbil

Agárdase que no futuro o proxecto se amplíe cunha app que a través dun percorrido polas rúas comerciais do centro de Lugo poña en diálogo o imaxinario da moda rápida co oficio das costureiras.

tiña tanto traballo que non daba feito. Non había teléfono e traballabamos por recomendacións», apunta.

Támén houbo as que se fixeron modistas na emigración, permitindo-lles conseguir unha autonomía de sempre negada. «Marchei a Caracas e alí aprendín todo o que sei de costura», explica Norma, que se viu obrigada a abandonar o seu fogar de San Fiz con apenas 22 anos. Un oficio para o que mercou unha máquina PFAFF semiindustrial e que a levaría a traballar nunha fábrica téxtil, gañando o suficiente para «pagar a comida do mes». Moi diferente foi a súa volta a España, onde tivo que deixar a confección para adicarse á labranza. «Había que adaptarse ás circunstancias», recorda con tristora.

Todas estas vivencias mantéñenas enfascadas nunha conversa que podería seguir durante horas, aínda que as traballadoras da residencia na que viven avisan de que está chegando o momento do xantar. «Xa non quedan modistas como as de antes», comentan resignadas ante o posible fin dunha profesión que cada vez lle é máis allea ás novas xeracións.

Erguense para marchar, pero unha delas dá a volta para dicir un «xa non cosemos tanto coma antes, pero seguimos sendo costureiras. Iso é para sempre». Así fala Nati da profesión á que adicou toda a súa vida, mentres as súas compañeiras asenten camiñando ao seu carón. Elas, man a man con tantas outras modistas da comarca da Ulloa, levan ás súas costas o legado dun oficio que sempre pervivirá entre recordos, tecidos e fios.



Un momento da produción de Corcosendo. PATRICIA COUCHEIRO